

Punto 2º) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS A CELEBRAR NA 42ª FESTA DO QUEIXO DO CONCELLO DE ARZÚA.

Dáse conta do expediente tramitado para poder contratar cunha empresa ou empresario a produción integral dos espectáculos que se celebrarán durante a 42ª Festa do Queixo, que terá lugar neste municipio os días 4 (sábado) e 5 (domingo) de marzo do presente ano, mediante o sistema de procedemento aberto, comprendendo todos os gastos do persoal necesario para o seu desenvolvemento nos termos indicados no prego de prescricións técnicas, por un prezo de licitación de 108.500 euros (89.669,42 euros, máis 18.830,58 euros en concepto de IVE ao 21%); e iso, de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas, aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2016. E

Resultando.- Que, sendo publicado o correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia nº 214, de data 10 de novembro de 2016 e no Boletín Oficial da Provincia nº 213, de data 10 de novembro de 2016, así como tamén no perfil de contratante do concello de Arzúa con esa mesma data, para dar cumprimento ao disposto na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares; resultou que presentaron proposta dúas sociedades: GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L, con CIF B-70416664 e PRODUCCIONES MULTIPLE, S.L.L, con CIF B-45674132.

Resultando.- Que pola Mesa de Contratación celebráronse as seguintes reunións, das que se estenderon as correspondentes actas:

* **Unha.**- O día 30 de novembro de 2016, para proceder á apertura dos Sobres A) “Documentación xeral”, onde consta que a documentación contida en ambos Sobres A) estaba correcta e completa, conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares; polo que se declaroun admitidas a ditas empresa neste procedemento.

* **Outra.**- O día 7 de decembro de 2016, para proceder á apertura dos Sobres B) “Documentación avaliable en función dun xuízo de valor”, onde consta:

a) Que a documentación contida en ambos Sobres B) estaba correcta e completa, conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, sen prexuízo do que determinasen os técnicos encargados de realizar o informe de valoración.

b) Que –facendo uso do establecido na cláusula 14ª (Sobre B)), parágrafo quinto do prego de cláusulas administrativas particulares- acordouse remitir a documentación contida nos Sobres B) das dúas empresas interesadas neste procedemento:

* Ao animador sociocultural, Sr. Pampín Gómez.- A fin de que elaborase un informe motivado, no que expresase a valoración obtida por ditas sociedades, con respecto aos criterios avaliables mediante xuízos de valor, e tamén

* Ao arquitecto técnico municipal, Sr. Fole Barrio.- A fin de que elaborase outro informe, no que expresase se as citadas sociedades presentaron de forma correcta a documentación esixida na cláusula 11 nº 3, punto 2, letra A) 1 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como se cumpren cos requisitos e condicións establecidas no prego de prescricións técnicas, no relativo aos aspectos técnicos.

* **Outra.**- O día 4 de xaneiro de 2017, para proceder á apertura do Sobres C) “Documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas”, onde consta:

a) Que se dou conta do informe emitido polo animador sociocultural Sr. Pampín Gómez, con data 28 de decembro de 2016, por razón do requirimento acordado pola Mesa de Contratación na reunión do día 7 de decembro de 2016, constando en dito informe:

I) Que a sociedade GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L. obtivo unha puntuación de 33 puntos, sobre 40 posibles, segundo o seguinte desglose:

- 1.- Mellor plantel ofertado, segundo a filosofía do evento.....29 puntos (sobre 35).
- 2.- Realización doutros espectáculos musicais, por encima dos mínimos esixidos no prego.....4 puntos (sobre 5).

II) Que a sociedade PRODUCCIONES MULTIPLE, S.L.L. obtivo unha puntuación de 20 puntos, sobre 40 posibles, segundo o seguinte desglose:

- 1.- Mellor plantel ofertado, segundo a filosofía do evento.....17 puntos (sobre 35).
- 2.- Realización doutros espectáculos musicais, por encima dos mínimos esixidos no prego.....3 puntos (sobre 5).

b) Que tamén se dou conta do informe requirido ao arquitecto técnico municipal Sr. Fole Barrio, que foi emitido con data 12 de decembro de 2016, a través de cuxo informe se indica que examinada a documentación dos Sobres C), considera que as dúas ofertas presentadas cumpren co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, en canto ao contido previsto na cláusula 11, nº 3, punto 2, letra A), así como no prego de prescricións técnicas.

c) Que acto seguido procedeuse á apertura dos Sobres C), por canto que as dúas sociedades superaron a puntuación mínima de 20 puntos, prevista na cláusula 14ª do prego, para non quedar excluídas; comprobando que dita documentación estaba completa.

d) Que –facendo uso do establecido na cláusula 15ª, parágrafo primeiro do prego de cláusulas administrativas particulares- acordouse remitir a documentación contida nos Sobres C) das sociedades GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L. e PRODUCCIONES MULTIPLE, S.L.L. ao animador sociocultural Sr. Pampín Gómez, a fin de que elaborase un informe motivado, no que expresase a valoración obtenida por ambas sociedades, con respecto aos criterios de valoración avaliábeis de forma automática mediante a aplicación de fórmulas.

*** Outra.- O día 16 de xaneiro de 2017, onde consta:**

a) Que douse conta do informe emitido polo animador sociocultural, Sr. Pampín Gómez, con data 13 de xaneiro de 2017, que fora requirido pola Mesa de Contratación na reunión do día 4 de xaneiro de 2017; constando en dito informe:

I) Que a sociedade GESTION CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L. obtivo unha puntuación de 48,76 puntos, sobre 60 posibles, segundo o seguinte desglose:

1. Oferta económica.....33,16 puntos (sobre 40).
2. A achega económica ofertada polos licitadores, que teña por finalidade a realización dunha campaña publicitaria relacionada co obxecto do contrato.....5,60 puntos (sobre 10).
- 3.- Realización de obradoiros culturais (gastronómicos, didácticos, musicais, pintura, danza, etc.).....10 puntos (sobre 10).

II) Que a sociedade PRODUCCIONES MULTIPLE, S.L.L. obtivo unha puntuación de 50 puntos, sobre 60 posibles, segundo o seguinte desglose:

1. Oferta económica.....40 puntos (sobre 40).
2. A achega económica ofertada polos licitadores, que teña por finalidade a realización dunha campaña publicitaria relacionada co obxecto do contrato.....10 puntos (sobre 10).
- 3.- Realización de obradoiros culturais (gastronómicos, didácticos, musicais, pintura, danza, etc.).....0 puntos (sobre 10).

b) Que, en consecuencia, a puntuación total obtida por ditas sociedades, unha vez sumadas as puntuacións obtidas por cada sociedade na valoración dos criterios avaliábeis en función dun xuízo de valor e dos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, sería a

seguinte: GESTION CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L. obtivo 81,76 puntos, mentres que PRODUCCIONES MULTIPLE, S.L.L. obtería 70 puntos.

c) Que acordouse propoñer á Xunta de Goberno Local que a adxudicación do contrato, para prestar os servizos consistentes na produción integral dos espectáculos que se celebrarán durante a 42ª Festa do Queixo, se efectúe a favor da sociedade GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L., por ser a que obtivo a maior puntuación na valoración dos criterios de adxudicación, e por canto que tamén reúne todos os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescriciones técnicas que rixen esta contratación.

Considerando o disposto na cláusula 16ª “*Clasificación de ofertas e requirimento de documentación*” do prego de cláusulas administrativas particulares, en relación a súa vez co disposto no artigo 151 nº 1 e 2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Esta Xunta de Goberno Local –por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar, como oferta economicamente ventaxosa para este concello, a presentada pola sociedade **GESTION CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L.**, a través do seu representante legal don Alberto Alfonso Vázquez, que foi informada favorablemente polo animador sociocultural municipal, polo prezo de 106.994 euros (88.424,80 euros prezo sen IVE, máis 18.569,20 euros en concepto de IVE ao 21 %); incluíndo coa súa oferta unha aportación de 3.388 euros (IVE incluído), para a realización da campaña publicitaria relacionada co obxecto do contrato; así como oito obradoiros acordos coa filosofía do evento: un, nomeado “chapas e imans”, outro, nomeado “accesorios creativos”, outro, nomeado “filigrana”, outro, nomeado “xogos escénicos”, outro, nomeado “o laberinto dos sentidos”, outro, nomeado “pelotas cariocas”, outro, nomeado “creación musical” e outro, nomeado “coreográfico”

Segundo.- Requirir a dita sociedade, para que nun prazo non superior a dez días hábiles -a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o correspondente requirimento- presente a seguinte documentación:

a) Copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

b) DNI do representante ou apoderado.

c) Escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro público correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais, dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo do poder, expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. Xunto coa dilixencia de bastanteo deberá de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

e) Declaración responsable, de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP, conforme ao modelo que figura como ANEXO IV. Dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

f) Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

- A solvencia económica e financeira, poderá acreditarse, de conformidade co artigo 75 nº 1

do TRLCSP, polos seguintes medios:

-Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da empresa; ou ben

-Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais subscrito cunha entidade aseguradora.

● A solvencia técnica ou profesional, poderá acreditarse, de conformidade co artigo 78 nº 1 do TRLCSP, mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, que inclúa: a descrición do obxecto de ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles. Dita relación deberá presentarse segundo o cadro modelo que se reflexa a continuación:

Relación dos traballos executados no curso dos últimos cinco anos (5)			
DENOMINACIÓN E OBXECTO CONCRETO	IMPORTE	DATA DE FINALIZACIÓN DA EXECUCIÓN (día/mes/ano)	DESTINATARIO

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desa certificación, mediante unha declaración do licitador.

Reputarase solvente o licitador cando acredite un importe anual executado, durante o ano de maior execución do citado período, igual ou superior ao 75% do valor estimado do contrato en servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato.

g) Orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

h) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva por un importe de 4.421,24 euros, equivalente ao 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído el IVA.

(Sen que teña que aportar as certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débeda con este Concello, ao presentar dentro do sobre A) a autorización para que o órgano de contratación poida obter esa documentación).

Terceiro.- Comunicar á sociedade GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L. que deberá abonar ao Concello o importe da taxa pola constitución da garantía definitiva, que figura na ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos que ten aprobada o concello, cumprimentando o impreso de autoliquidación que se achegará xunto coa notificación deste acordo, e ingresando o importe da referida taxa na Tesourería municipal.

Cuarto.- Publicar este acordo no perfil do contratante, a efectos informativos.